

RUTAS AO AIRE LIBRE

XUÑO 2025

ARTEIXO – SANTA LEOCADIA



DATA: sábado, 14 de xuño de 2025

HORARIO:

- **Quenda de mañá:** hora de inicio 10:00 h
Hora prevista de finalización 14:00 h

PUNTO DE SAÍDA:

<https://maps.app.goo.gl/BiRyM4a3ebtyizBD9>

PUNTO DE CHEGADA:

<https://maps.app.goo.gl/BiRyM4a3ebtyizBD9>

TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta):

611 248 079

DESCRICIÓN:



Comezamos a nosa ruta no centro de Arteixo, desde onde nos dirixiremos cara ao interior seguindo carreiros e pistas que nos levarán nun ascenso progresivo cara ao núcleo rural de Santa Leocadia. A medida que imos gañando altura, iremos deixando atrás a contorna urbana para penetrar en paisaxes máis abertas. A subida é suave e constante, o que permite gozar do percorrido sen dificultade. Ao chegar a Santa

Leocadia atoparémonos cun magnífico miradoiro natural: desde este punto elevado ábrese unha panorámica espectacular. Se o día está despexado poderase distinguir claramente a ría da Coruña e os montes da zona de Bergantiños. Un lugar perfecto para facer unha pausa, tomar aire e gozar da paisaxe.

Desde aquí iniciaremos o descenso por unha vertente diferente, encarando o val, achegándonos novamente ao núcleo de Arteixo, onde finalizaremos a nosa ruta tras completar un percorrido circular.

NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade baixa


DISTANCIA: 13,3 km

DURACIÓN APROXIMADA: de 3h 20min, segundo a táboa. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 35

MAPA:



PERFIL:



DATOS MIDE

Arteixo–Santa Leocadia				
horario	3h 20'		 1	severidade do medio natural
desnivel de subida	340m		 2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	340m		 1	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	13,3Km		 3	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Circular			
Condicións de todo o ano,tempos estimados segundo o criterio MIDE,sen paradas. Calculado sobre datos de 2025.				



COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<i>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado</i> <i>O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</i>	